


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

IES CASTRO DE BARONCELI

CURSO 2017-18



LINGUA E LITERATURA GALEGA: 1º ESO ,2º ESO, 3º ESO, 4º ESO ,1º PMAR 2º PMAR					
Cd. centro	32016790	Centro	IES CASTRO DE BARONCELI	Concello	VERÍN
Departamento	LINGUA E LITERATURA GALEGA				
PROFESORAS DO DEPARTAMENTO	ROSA DE LA PARRA(1º e 2º ESO ,SECRETARIA DO INSTITUTO) BENITA PÉREZ GARCÍA (4ºESO, 2º PMAR, XEFA DE ESTUDOS) HELENA PRADA VILLARINO (3ª ESO, 1º PMAR, XEFA DE DEPARTAMENTO).				
CURSO	2017-2018				

HELENA PRADA VILLARINO

INTRODUCCIÓN

Quen subscribe esta programación é xefa do Departamento de Lingua galega e literatura HELENA PRADA VILLARINO no Centro Público IES CASTRO DE BARONCELI, ubicado en Queizás (Verín); e imparte, durante o presente curso académico, a materia de lingua galega e literatura en 3º ESO A, e O ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO en 1º DE PMAR.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como

medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

Cómpre ter en conta que, ó igual que en cursos anteriores, os Departamentos de Lingua e Literatura Galega e de Lingua e Literatura Castelá chegaron a determinados acordos coa finalidade de non repetir contidos e gañar tempo para dedicarse, con maior profundidade, a outros aspectos da programación. Deste xeito, os contidos relacionados coa análise sintáctica serán impartidos polo departamento de castelán en 3º de ESO; traballando máis polo miúdo neste nivel a tipoloxía textual na materia de galego.

Lexislación. O marco legal.

A presente programación foi elaborada tendo en conta o actual contexto lexislativo en que se sitúa a práctica docente. A seguir as disposicións legais vixentes:

1.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

2.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

4.

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.

Tamén se tiveron en conta os criterios emanados do Proxecto Curricular e do Proxecto Educativo do Centro, da CCP, das decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia didáctica acumulada.

CONTEXTUALIZACIÓN

No Proxecto Educativo descríbense as características do centro, do alumnado e do entorno; delas, consideramos que as seguintes teñen unha maior incidencia na práctica educativa e, polo tanto, témolas presentes á hora de elaborar a presente programación:

- Entre as finalidades educativas que se recollen no PE, establecidas en función das características do alumnado, figuran: “potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo” e “fomentar o interese pola lectura, a través do uso da biblioteca, club de lectura, proxecto lector...”; deste xeito, como se detallará máis adiante, realizaranse actividades en liña, empregárase un blog para impartir as clases, o alumnado elaborará traballos e proxectos empregando as TIC...; por outro lado, como tamén se especificará máis adiante, proporase unha serie de lecturas para cada curso.

Tamén se contemplan no PE os obxectivos tendentes a lograr a normalización lingüística; entre eles: “evitar que o galego se converta nunha lingua recesiva ó entrar en contacto co castelán” e “fomentar a valoración da cultura propia, como base da que partir para o coñecemento e valoración das outras; para contribuír á consecución destes obxectivos, proporanse, como

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

temáticas para algúns dos traballos e proxectos que realizará o alumnado, a análise dos aspectos sociolingüísticos do entorno, a reflexión sobre a propia práctica lingüística, a reflexión sobre os prexuízos lingüísticos, a investigación de aspectos diversos da cultura galega...

A elaboración destes traballos e proxectos ós que acabamos de facer referencia implica que o alumnado debe tomar decisións, organizarse... (especialmente no caso dos proxectos, que serán realizados polo conxunto do grupo), o que dá resposta ó obxectivo de: “desenvolver a capacidade para aprender a aprender, o que require autonomía, planificación, toma de decisións e asumir responsabilidades”, recollido no PE, como un dos obxectivos da ESO no que se debe incidir, dadas as características do contexto.

1º ESO .

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
de h ñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	CCL CAA
			LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL CAA
de h	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de	B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL CAA
a c d h	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CCL CSC
			LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	CCL CAA CSC CSIEE
a c d e h	B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas	B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	informativos.	criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	CAA
			LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CSC
h o	B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.	B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD CAA CSIEE
			LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD CCL CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h o	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	CCL CAA
			LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	CAA
			LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CCEC
b e g h	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias clave
				LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).		CCL
				LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).		CCL
				LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.		CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d h	B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedido de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).	B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	CCL CSC
			LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL CSC
a b c g h o	B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas formais e informais.	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA
			LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade	CCL CSC CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias clave
				LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.		CCL CSC
				LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.		CCL CAA
				LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.		CAA
				LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.		CAA CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
adhiñ	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC
			LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
bfh	B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	CCL CCA
			LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias clave
				LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.		CCL
				LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.		CCL CCA
				LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).		CCL
				LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.		CCL CCA CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB2.1.7. Contrasta contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL CCA
de h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL CSC
de h	B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
de h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.	B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.	CCL CAA CD CSC
			LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	CCL
de h	B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	CCL CAA CD
de h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	comunicación.		LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL CSC
h ñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	CCL
			LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	CCL
			LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL CD
b e h	B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	CCL
			LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	CCL
			LGB2.8.4. Puntuá o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	CCL
			LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL CD
b e h	B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL CD CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h	B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	CCL CD CSC
			LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.	CCL
b e h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL CD
b e h	B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições,	B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias clave
	narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	ideas e conceptos.	e	exposicións de ideas e conceptos.	e	
b e h f	B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.	B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	de	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.		CCL CD
				LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.		CCL CD
b f h	B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.	B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	de	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.		CCL CAA
				LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.		CCL CAA
Bloque 3. Funcionamento da lingua						
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa	de	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse		CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	con claridade nun rexistro axeitado á situación.	
ade	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA
benl	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CD
be	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL
b e	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	CCL CAA
e l n	B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	CCL CAA
e h	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis	B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre	LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	comúns, en particular os temporais e explicativos.	todos os temporais e os explicativos).	textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	
eh	B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	CCL CAA
			LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.	CCL CAA
eh	B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	CCL CAA
e	B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.	B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.	CCL CAA
b	B3.12.	B3.12. Participar	LGB3.12.1.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
eh	Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CAA CD
be	B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ o	<p>B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.</p> <p>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</p> <p>B4.3. A lusofonía.</p>	<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.</p>	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de nosa literatura de tradición oral e no xénero humorístico.</p>	CCL
			<p>LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.</p>	CCL
			<p>LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.</p>	CCL
			<p>LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.</p>	CCL CD CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ o	B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.	CCL
			LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.	CCL
ñ o	B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC
ñ o	B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.	CCL CSC
ñ	B4.7. Prexuízos	B4.5. Identificar os	LGB4.5.1. Coñece	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o	lingüísticos.	prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CSC
h ñ o	B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.	B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.	CCL CCEC
			LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL
			LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	CCL
Bloque 5. Educación literaria				
h l	B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras	B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias	LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.	para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	
h l	B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	CCL
			LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	CCL
h l	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.	temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.	
h l	B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.	B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	CCL
h l	B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	LGLB5.5.1. Ler dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	CCL
h l n	B5.6. Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.6.1. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l n	B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.	CCL CCEC
			LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.	CCL CCEC
			LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.	CCL CCEC
			LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.	CCL CCEC
e h l	B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a	B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a	LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a	CCL CD

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias clave
	resolución de dúbidas de traballo.	resolución de dúbidas de traballo.	de	resolución de dúbidas de traballo.	de	

METODOLOXÍA

Os principios xerais da aprendizaxe significativa, e, en particular, a situación na que se atopa o noso idioma, condicionan a metodoloxía a aplicar nesta materia.

Para que a aprendizaxe da lingua sexa significativa debe existir unha acomodación entre a estrutura cognitiva do/a alumno/a e os valores, ideas, conceptos ou actitudes que ten que assimilar. Para isto hai que ter en conta os coñecementos ou actitudes previas dos/as alumnos/as como resultado de experiencias anteriores adquiridas dentro ou fóra da escola.

Cada vez que o/a profesor/a de lingua comeza o seu labor cun grupo de alumnos/as ten que partir dos preconceptos, ideas, valores ou coñecementos previos que teñen os escolares.

Os/as alumnos/as que chegan ao 1º curso de ESO, recibiron ensino en galego en anos anteriores; nestes cursos debemos, pois, ofrecerlles os contidos, as estratexias, as condicións e as motivacións necesarias para que perfeccionen o coñecemento e o uso da lingua galega.

O enfoque que se dará ao ensino-aprendizaxe desta lingua debe ser funcional e comunicativo, polo tanto partiremos de situacións reais de comunicación nas que os/as alumnos/as participen como emisores/as e como destinatarios/as para posteriormente analízalas e conceptualízalas.

O ensino-aprendizaxe na lingua oral debe promover intercambios de comunicación reais e observar a fala dos/as alumnos/as para que reflexionen sobre os enunciados e sobre os usos lingüísticos coa finalidade de que melloren a súa competencia comunicativa.

O/a profesor/a insistirá en que deben expresar as ideas de forma coherente, cun léxico axeitado e preciso (de acordo co nivel), cunha dicción clara, etc; con este fin podemos utilizar recursos tan axeitados como a recitación de poemas ou a dramatización.

O /a profesor/a fomentará, tamén, a creatividade a través de temas diverxentes, do remuíño de ideas e da utilización de textos libres.

Na práctica da comunicación escrita o/a profesor/a deberá pór en marcha estratexias que axuden a entender o significado do texto como: sintetizar o tema, enumerar as ideas esenciais, esquematizalo, recoñecer a estrutura propia do tipo de texto.

O/a profesor/a procurará situacións de aprendizaxe, é dicir, situacións concretas de lingua que o alumnado deberá analizar e comentar e que, ao mesmo tempo, lle poidan servir para reflexionar sobre os compoñentes de natureza lingüística e textual coa finalidade de aplicarlos na comprensión e na elaboración de textos.

A reflexión sobre lingua debe partir do texto e rematar no texto, considerando este a unidade lingüística máis complexa dentro da cal se atopan as outras unidades. A combinación das técnicas de exposición e da indagación, así como a secuencia e o deseño de actividades motivadoras, permitirán aos/ás alumnos/as descubrir a estrutura desta unidade supraoracional que é o texto, e conseguir unha mellor competencia comunicativa tanto no que se refire á comprensión como á expresión.

A selección de textos (narrativos, descritivos, poéticos, dramáticos...) sobre os que se traballe debe adecuarse á bagaxe cultural dos/as alumnos/as, aos seus intereses e fomentar o seu espírito crítico; as proposicións e as indicacións do alumnado terán unha importancia especial á hora de facer esta selección de textos.

No referente ao estudo dos medios de comunicación (noticias), partiremos dos textos dos diferentes xornais que se reciben no Centro, para comentar as súas características e así fomentar o espírito crítico dos alumnos e das alumnas.

En conclusión, no proceso de ensino-aprendizaxe o/a profesor/a de lingua terá sempre presente que os coñecementos nunca se dan aillados senón formando sistemas coherentes entre si. A aprendizaxe non supón simplemente a modificación dun concepto descontextualizado (as obras dun/ha

autor/a, as oracións gramaticais...), senón a reestruturación do esquema ou concepción previa noutra concepción diferente.

MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: *Lingua 1º ESO* da editorial XERAIS. Libro dixital e actividades web de todos os temas.
- Cadernos, dicionarios, normas ortográficas e morfolóxicas...
- Medios audiovisuais: películas, documentais e gravacións.
- Fondos da biblioteca do centro. Revistas, xornais...
- Recursos na rede: *webs*, *blogs*, dicionarios, enciclopedias, correctores ortográficos, bibliotecas, actividades interactivas...

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

Lectura na aula 1 h semanal. Proposta de actividades:

- **Actividades “clásicas”:**

- Nunha hora de clase, o/a profesor/a acompaña ao alumnado á Biblioteca, para que cada quen elixa un libro. Cada alumno/a poderá cambiar de libro, se non lle agrada, durante os dous días seguintes. Rematado ese prazo, terá que ter decidido cal é a obra que vai ler nun prazo máximo de quince días. Durante ese período de tempo, nas horas que se adiquen á lectura, o alumnado levará á aula o seu libro e realizará unha lectura individual. Ao finalizar o tempo pactado previamente, tamén na hora de clase, cada alumno/a cubrirá dúas fichas iguais: unha para el/ela, outra para o profesor/a. Na ficha poderían aparecer os seguintes datos:

. TÍTULO:

. AUTOR/A:

. EDITORIAL:

. DATA DE COMEZO DA LECTURA:

. DATA DE REMATE DA LECTURA:

. CONSEGUICHES LER A OBRA COMPLETA? SI NON

. RESUME NUNHA FRASE DE QUE TRATA A OBRA:
(Exemplo: *As aventuras dunha nena durante un verán / Os pensamentos que Artur ten cando os seus pais se separan*).

.RECOMENDARÍAS ESTE LIBRO AOS TEUS
COMPAÑEIROS/AS? SI NON

.POR QUE?

Estas fichas serven para que tanto o alumno/a coma o profesor/a leven conta do progreso no hábito de lectura.

- Despois de que o profesor/a presente varias opcións de lecturas na aula (o título, un breve resume do argumento...), elíxese por maioría unha lectura común, á que se lle adicará un tempo. Será o profesor/a quen leve os exemplares da obra precisos á aula (un por cada dous alumnos/as). Durante as horas adicadas á lectura, lerase en alto esta obra, tentando que todos/as participen.

- Cada certo tempo, pode ser o profesor/a o que lea en alto (preferiblemente un relato). Trátase de que, tanto polo contido do texto elixido como pola forma de lelo, a historia resulte engaiolante para o alumnado. Haberá quen desexe escoitar “máis historias desas”, ou quen pregunte o nome do/a autor/a e queira ler pola súa conta outras obras do/a mesmo/a.

- Outra posibilidade é que un só libro rote pola aula. Comeza un a ler; cando decida, pásalle o libro a outro/a e así sucesivamente. O/A profesor/a tamén entra na rolda. Debemos tentar que todos/as entren nela.

- **Outras actividades:**

- **Hora de ler:**

Todos os días temos unha hora de ler que é a mesma para todo o instituto.

Esta hora vai rotando, de forma que a primeira semana do curso é á primeira hora, a segunda semana á segunda e así sucesivamente.

Hai que ter en conta que a hora de ler non supón máis que quince minutos dunha hora de clase ao día. Hai anos que o noso instituto fai esta actividade e funciona moi ben. O número de libros solicitados na biblioteca aumentou moito dende que se puxo en practica a hora de ler.

1. Ler e comprender:

- Despois de seleccionar con tento un relato, o/a profesor/a le en alto na aula, pedindo unha máxima concentración por parte do alumnado. Despois, de forma oral e entre todos/as, farase un comentario da lectura seguindo as pautas que marque o profesor/a. Exemplo: “Por que credes que o personaxe tal dixo isto?/ Que vos pareceu o final? Podería haber outro?”.
- Igual que o anterior, mais desta vez, a segunda parte da actividade (comprensión do texto) realízase por escrito. Unha posibilidade é que sexa un cuestionario tipo test no que o/a profesor/a sinale tres respostas incorrectas e unha correcta, en cada pregunta. Exemplo: “Onde se desenvolve esta historia?: **A** nun país imaxinario; **B** nunha cidade de Galicia; etc.”.
- Se o relato, poema, escena teatral... é breve, pódese tentar esta actividade: trala primeira lectura, o/a profesor/a advirte que vai volver ler o mesmo texto pero con 5 diferenzas con respecto á primeira lectura. Cada alumno/a anotará no seu caderno as diferenzas detectadas. Despois exporase na aula. Este é un exercicio que fomenta a **atención e concentración**.
- Semellante á actividade anterior, mais na segunda lectura, en vez de introducir 5 diferenzas, *borramos* certas palabras ou expresións, provocando espazos baleiros na lectura que o alumnado terá que encher no seu caderno. Malia que este exercicio, igual que o outro, podería realizarse con textos escritos, é interesante tamén que se leve a cabo de xeito oral: a maioría das clases baséanse na oralidade e un número importante de alumnos/as amosan dificultades de concentración, atención e entendemento ante o discurso oral.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS: Tomamos como referencia o libro de texto citado na bibliografía.

1ª AVALIACIÓN: Setembro-décembro: Unidades: 1-4.

2ª AVALIACIÓN: Xaneiro-marzo: unidades 5-8

3ª AVALIACIÓN: Abril-xuño: unidades 9-12

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ELEMENTOS TRANSVERSAIS)

O uso do libro dixital permiten ao alumno traballar con todo tipo de recursos dixitais nas distintas unidades, empregando as distintas tecnoloxías na búsqueda de información ademais de utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS DURANTE O CURSO

- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo.
- Educación para a non-discriminación por razón de sexo.
- Educación sexual.
- Educación para a paz.
- Educación ambiental.
- Educación para a diversidade intercultural.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de actividades ofertadas polo Concello de Verín (Concurso de poesía Carlos Caneiro...)
- Asistencia a conferencias de autores/as lidos/as durante o curso.
- Asistencia ao *Correlingua*.
- Conmemoración de diferentes datas ao longo do curso: En novembro; Día da Muller Traballadora; Día do Libro; Semana das Letras Galegas...
- Participación no Concurso Literario do Centro que, dende hai anos, convoca o Departamento de Lingua Galega e Literatura con notable éxito.

- Participación nas numerosas actividades que organiza Normalización Lingüística, entre elas cabe destacar a Romaría Popular que facemos todos os anos e a dedicación dunha aula a un personaxe xenlleiro da nosa comarca.
- Intentaremos este curso ir visitar o Museo do Mar en Vigo onde se expón o PERGAMIÑO VINDEL. Temos organizado facer un “Códice” medieval coa axuda do Departamento de Música e Plástica.

2º da ESO

COMPETENCIAS

Dentro das competencias xerais para este nivel da ESO e, en particular, para Lingua galega, traballarase especialmente aquelas que fan referencia á comunicación lingüística, á expresión cultural e artística (literaria), á autonomía e iniciativa persoal, e a social e cidadá, sen renunciar ao coñecemento e interacción co mundo físico en colaboración con outras áreas, así como a de aprender a aprender coa axuda das ferramentas dixitais e matemática.

OBXECTIVOS

Os mínimos que se esixirán, orientados ao logro das competencias básicas serán os seguintes:

1. Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.
2. Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente.
- 3.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descriptivos, etc. con corrección.

4.

Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas morfosintácticas e léxicas.

5.

Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación e, en particular, a prensa escrita.

6.

Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos adecuados á súa idade.

7.

Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.

8.

Responder con corrección as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía e sintaxe.

9.

Cofecer os conceptos básicos da historia da lingua e da realidade sociolingüística.

10.

Identificar aqueles autores e aquelas obras máis relevantes da literatura galega moderna.

11.

Analizar e comentar textos (ou fragmentos de textos) literarios pertencentes aos distintos xéneros.

12.

Partindo das propias ideas e experiencias producir textos de intención literaria.

13.

Ter o caderno de clase ao día e ben presentado.

14.

Comentar oralmente ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS: Tomamos como referencia o libro de texto de Xerais.

1ª AVALIACIÓN: Setembro-décembro: Unidades: 1-3.

2ª AVALIACIÓN: Xaneiro-marzo: unidades :4-6.

3ª AVALIACIÓN: Abril-xuño: unidades 7-9.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Fichas de reforzo e ampliación no caderno de Tratamento da diversidade.
- Fichas de comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.
- Ficha do Material complementario para o desenvolvemento das competencias básicas.

FOMENTO DA LECTURA

- Selección de textos literarios de distintos xéneros.

FOMENTO DAS TIC

- Audición no CD-Audio da lectura nicial e doutros textos.
- Busca de información en Internet.
- Xogos interactivos de carácter educativo.

EDUCACIÓN EN VALORES

- Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.
- Valoración crítica dos textos periodísticos.
- Valoración da importancia do xogo e do respecto das normas.
- Interese polo enriquecemento do vocabulario.
- Interese por participar activamente nas actividades orais e grupais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades ao longo do curso versarán sobre temas de actualidade e da vida cotiá do alumnado trasladadas ao plano da expresión oral e escrita

(redaccións, informes, debates, etc), neste caso referidas a actividades complementarias.

Espazo á parte ocuparan as actividades extraescolares que consistirán, fundamentalmente, en presentación de libros polos seus autores, viaxes a puntos de interese que pola súa historia, tradición ou interese cultural contribúan á mellora na adquisición das competencias básicas.

CONTIDOS TEMPORALIZADOS:

Tomamos como referencia o libro de texto de Xerais.

1ª AVALIACIÓN: Setembro-décembro: Unidades: 1-3

2ª AVALIACIÓN: Xaneiro-marzo: unidades :4-6

3ª AVALIACIÓN: Abril-xuño: unidades :7-9.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega para a elaboración de información orais e escritas.
- Comprender e interpretar calquera tipo de información oral e escrita.
- Escribir con corrección, prestando atención á ortografía e caligrafía.
- Analizar correctamente palabras, frases e oracións (simples).
- Ler con fluidez e comprensión, apreciando a literatura como patrimonio cultural.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Lecturas complementarias.
- Ficha do Material complementario para o desenvolvemento das competencias básicas.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
de h ñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	CCL CAA
			LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	CCL CAA
de h	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

	Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		educativo.	LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CAA
acadh	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CSC CCL
			LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	CCL CSC CSIE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d e h	B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	CCL
			LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	CCL CAA CSIEE
			LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	CSC CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h o	B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	CCL CAA
			LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	CAA
			LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	CCL CCEC
h o	B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL
			LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL
			LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e g h	B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD CAA CSIEE
			LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	CD CCL CSC
a c d h	B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	CCL CSC
			LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL CSC
			LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	CSC CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c g h o	B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA
			LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	CCL CSC CSIEE
			LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	CLL CSC
			LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	CLL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL
adhiñ	B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC
			LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	CCL CSC
			LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL CAA
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
b f h	B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.	B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	CCL CAA
			LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	CCL
			LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL
			LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	CCL CAA
			LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
de h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	CCL CSC
			LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	CCL CSC
			LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	CCL CSC
de h	B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de	B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	comunicación (noticias).	(noticias).	LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.	CCL
de h	B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.	CCL CD CAA
			LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h	B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.	B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.	LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	CCL CCA
			LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	CCL CD CAA
			LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.	CCL CD CAA
c d h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo respecto ás mensaxes	LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuizados e evita usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CSC
			LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ideas dos demais.	expresadas.	LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CCL
			LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.	CCL CSC
hñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.	B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	CCL
			LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.	CCL CD
bg h	B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación,	B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos e relacións	LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.	CCL
			LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.	internas e externas do texto.	LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a déixe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).	CCL
			LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)	CCL
			LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	CCL
			LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	CCL CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	CCL CD
b e h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	CCL CD CSC
b e h	B2.10. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).	B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).	CCL CD CSC
b e h	B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos	B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos	CCL CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	das materias curriculares.	curriculares.	das materias curriculares.	
beh	B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.	LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.	CCL CD
			LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.	CCL
befh	B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.	B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.	LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.	CCL CD
d h	B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos	B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos	LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar	CCL CSC CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	propios.	propios.	experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.	CCL CCC.
a d e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA
b e n l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CAA
b	B3.4.	B3.4. Coñecer,	LGB3.4.1.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.	usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.	CD
be	B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL
			LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL
E	B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL
be	B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e	B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción	LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	producción textuais.	textuais.	LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	CCL CAA
eh	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.	CCL CAA
			LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.	CCL
eh	B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.	LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
E	B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.	B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	CCL CAA
b e h	B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
b e	B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas	B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e	LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual,	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	
Bloque 4. Lingua e sociedade				
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.	CCL
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía.		LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.	CCL CSC
			LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.	CCL
			LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.	CCL CCEC
			LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	CCL CCEC CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística do galego.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.	CCL
			LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.	CCL
ñ o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.	CCL CSC
			LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC
ñ.	B4.6. Situación	B4.4. Describir a	LGB4.4.1. Coñece	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o.	legal das linguas do Estado español.	situación legal das linguas do Estado español.	a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	CSC
ño	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC
ño	B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.	CCL
			LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.	CCL
			LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL CSC
Bloque 5. Educación literaria				
h l	B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.	CCL
			LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	CCL
h l	B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas	B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de	LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.	poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.	
h l	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	LGLB5.3.1. Leer expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	CCL
h l	B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	LGLB5.4.1. Leer dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l	B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL
			LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	CCL
h l	B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	CCL
h l n	B5.7. Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l n	B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	CCL CCEC
			LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.	CCL CCEC
e h l	B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.9.1. Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD

3º da ESO

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

-Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

-Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.		LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL
			LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.	CCL
			LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	CCL
			LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL
e h	B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temática en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, vinculación e progresión temática, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	CCL
			LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.	CCL CAA
			LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	CCL
			LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	CLL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O b x e c t i v o	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b e	B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.	CCL
			LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.	CCL
b e	B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.	LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	CCL CAA
			LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O b x e c t i v o s	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h	B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
b e	B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade.				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.		LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	CCL
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.		LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).	CCL CSC CD
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como tendencias de evolución.	LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL CSC
			LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL CSC
			LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	CCL CSC CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	CCL CSC
			LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	CCL CSC
ñ o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento	B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.	CCL CSC
			LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.		LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC
			LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL CSC
ñ o	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL
			LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.	CCL CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe cti vos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC
			LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC
			LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC CD
ñ o	B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a	CCL CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			situación sociolingüística do Estado español.	
ñ o	B4.8. Prexuízos lingüísticos.	B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	CCL CSC
			LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.	CCL CSC
ñ o	B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado	B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	CCL CSC
			LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe cti vos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.		LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.	CCL
			LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentalmente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	CCL CSC
			LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	CCL CSC
Bloque 5. Educación literaria.				
h l	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	actualidade.		LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	CCL
h l	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.	CCL
			LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe cti vos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente	CCL
			LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O b x e c t i v o s	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.3.1. Ler expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL
			LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	CCL
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
O bxe ctivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	CCL
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC

Á marxe destas medidas xerais, seguiranse estas pautas:

- Os grupos para a elaboración dos traballos de cada avaliación deberán ser heteroxéneos, e o traballo repartirase de acordo ás capacidades, habilidades... de cada alumno/a, sen que isto sexa valorado negativamente; caso distinto

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

será o da falta de implicación no traballo do grupo, que si será valorado negativamente.

- A organización dos proxectos seguirá o dito para os traballos.
- Na valoración dos escritos recollidos periodicamente terase en conta a evolución de cada alumno/a, posto que un dos criterios de corrección sinalados é “repetir (ou rectificar) os erros de escritos anteriores”.
- Proporcionaranse máis actividades sobre aqueles aspectos nos que un alumno ou alumna mostre dificultades debidas a un problema de comprensión, non as ocasionadas por falta de esforzo, tal e como se especifica no punto I.9.
- Na organización da aula, terase en conta que os agrupamentos, se os houbera, favorezan a axuda entre iguais, especialmente naqueles casos en que haxa alumnado con máis necesidades (reforzo educativo, TDA, Asperger...).

Cómpre lembrar que o sistema de avaliación, recollido no punto I.2, contempla distintos instrumentos de avaliación que, á súa vez, requiren diferentes habilidades ou capacidades (expresión escrita, expresión oral, traballo en grupo, lecturas individuais...).

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Aínda que non se teñen previstas unidades deseñadas ad hoc para o tratamento de valores, si se desprende da propia programación que valores se potenciarán na súa posta en práctica; así:

- Entre os libros de lectura propostos para cada curso, inclúense algúns que tratan, dunha maneira evidente, temáticas como a amizade, a resolución de conflitos, o respecto á diversidade, a tolerancia, o coidado do medio ambiente...Nos controis de lectura, que serán o instrumento co que se avaliará a lectura comprensiva destas obras, incluíranse cuestións para valorar a comprensión e reflexión do alumnado sobre estes valores (obviamente, parte importante desa lectura comprensiva), que serán un dos factores que determine a nota do alumnado nesta parte.
- Tal como se sinalou no apartado I.2.3. a avaliación dos proxectos terá en consideración:
 - Participación e implicación no proxecto.

- Colaboración co resto dos integrantes do grupo, resolvendo pacificamente, a través do diálogo, os conflitos que poidan xurdir.
- O esforzo individual e a responsabilidade (como parte dun proxecto común que depende das achegas de cada individuo).
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural do Estado español é parte dos contidos presentes en distintos cursos da programación, polo que, neste caso, si forman parte, explicitamente, das unidades didácticas e están sometidos á avaliación correspondente.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O sinalado anteriormente referente á educación en valores está intimamente ligado ó plan de convivencia, pois trátase de desenvolver e potenciar actitudes no alumnado que contribúen a unha convivencia pacífica. A isto podemos engadir, no que atinxe á xestión da aula, que consideramos que o alumnado debe dispor, desde o primeiro momento, de información clara e precisa sobre o desenvolvemento da materia, en especial no referido a criterios e instrumentos de avaliación, o que diminuírá os posibles conflitos ocasionados polas cualificacións. Así pois, o primeiro día de clase proporcionase información sobre isto, ademais de ficar no taboleiro da aula durante o curso. Ademais, a programación estará a disposición das familias na páxina web do centro.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Dadas as características da nosa materia, resulta evidente que o traballo con diferentes tipos de textos é esencial e continuo; deste xeito, advertiranse na programación de cada “trisco” referencias á lectura, comprensión, elaboración... de textos, así como ós instrumentos e criterios de avaliación que se aplicarán.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento non ten deseñadas actividades complementarias nin extraescolares concretas, posto que será ó longo do curso cando vaian

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

xurdindo diferentes propostas, tanto por parte do centro e do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias (Letras Galegas, Nadal...), como doutras organizacións e institucións (Concello, Xunta...), nas que poderá participar o noso alumnado e os propios membros do departamento; deste xeito, prevese a colaboración en distintas celebracións que se organizan no centro, como a do Entroido (coa elaboración, por parte do alumnado de Secundaria, do “Xuízo de Entroido”), o festival das Letras Galegas (especialmente coa presentación do autor/a homenaxeado), a revista “Folerpas”...

Cómpre mencionar que, especialmente a través dos traballos e proxectos, procúrase vincular os contidos da materia coas actividades levadas a cabo por outros equipos do centro, sobre todo polo EDNLG.

MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO.

A concreción dos estándares de aprendizaxe vinculados ós criterios de avaliación; nesta concreción sinálanse cun asterisco aqueles que se consideran mínimos esixibles. A isto debemos engadir que no PE advírtese o seguinte: “nas programacións de lingua e/ou literatura galegas de tódalas etapas, debe figurar expresamente que será necesario acadar un dominio da lingua oral axeitado á idade do alumnado para superar a materia”, polo que, seguindo estas indicacións, será requisito indispensable, para aprobar a materia, un dominio aceptable da lingua oral, que será demostrado, especialmente, na exposición oral dos traballos.

Os instrumentos de avaliación descritos servirannos para detectar se un alumno/a presenta dificultades (sexa nestes mínimos ou noutros contidos), ós que haberá que engadir a propia percepción do alumnado a este respecto, que pode demandar, nun momento dado, un reforzo para comprender determinados conceptos ou para realizar correctamente algún tipo de actividade...

As actividades encamiñadas á superación destas dificultades seguirán algún (ou algúns) dos seguintes mecanismos:

- Realización de actividades en liña ás que se poida acceder a través do blog co que se traballa na aula; de feito, neste blog, ademais de indicar as actividades que se deben realizar, adoitan sinalarse outras, para facer a maiores, se se seguen a ter dificultades.

- Actividades en papel proporcionadas pola docente e adaptadas a cada situación.
- Nova explicación do concepto non comprendido.
- Plan de traballo a máis longo prazo cando se trate de dificultades de base como a escasa comprensión de textos sinxelos, a falta de capacidade para a expresión escrita ou oral coherente...

ACTIVIDADES DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR

Cómpre mencionar que se trata de actividades de reforzo dirixidas, como dixemos, a alumnado que presenta dificultades nunha ou en varias partes da materia impartida, isto é, non conseguen acadar un resultado satisfactorio unha vez realizado un esforzo que implica o traballo coas actividades propostas (exercicios prácticos, repasos...). De non darse este esforzo previo, é evidente que o alumno/a non precisa unhas actividades de reforzo, senón un cambio de actitude; nestes casos, dependendo da gravidade da situación, poderase optar por:

- Facerlle ver ó alumno ou alumna a necesidade dun traballo constante para acadar resultados.
- Comunicarlle a situación á persoa titora do grupo.
- Comunicarlle a situación á orientadora do centro.
- Solicitar que se comunique á familia a situación, verbalmente e/ou por escrito.

Finalmente, debemos aclarar que a realización das actividades de reforzo non supón que non se deba demostrar, polas canles establecidas no apartado I.2., a superación desas dificultades. Trátase dunha medida dirixida á aprendizaxe, pero non dun instrumento de avaliación.

Este aspecto tratarase do mesmo xeito sinalado no punto anterior, isto é, a partir da detección das dificultades que presente este alumnado, procederase ó reforzo descrito anteriormente.

- identificar e describir as carecterísticas de distintos xéneros literarios.
- Redactar textos con intención literaria.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos os libros de texto de XERAIS en todos os cursos á parte das novas tecnoloxías.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. CONCRECIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (PARA TODA A ESO).

Probos escritos.

Realizaremos dúas por avaliación, cada unha delas constará de dúas partes, unha referida a contidos (nas cales os/as alumnos/as deberán demostrar a través de exercicios concretos que asimilaron os contidos vistos na aula das unidades correspondentes) e outra referida a demostración das competencias (constará de actividades nas que o alumno evidencie que é competente no desenvolvemento dos temas tratados nas unidades). A nota máxima con que se cualifican estas probas será:

Porcentaxe na nota global: 70 %

Exame de contidos: 4'5 p.

Proba de competencias: 2'5 p.

Notas:

Para poder facer media entre estas dúas probas deberá acadarse en cada unha delas unha nota non inferior ao 40 %. De non acadar esta mínima porcentaxe tampouco se sumarán o resto das cualificacións (proba oral, lectura, tarefas,...). Suspenderase a materia adoptando as accións correctoras oportunas.

Deberá indicarse en cada pregunta o valor numérico da mesma..

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Calquera proba considerárase suspensa (cualifícase con 0 puntos) se se detecta que un alumno copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos).

-Só se repetirán probas cando o alumnado aporte un xustificante médico; realizarase o mesmo día do exame seguinte.

•Lectura obrigatoria

O alumnado deberá ler en cada avaliación unha obra literaria que determinará o/a profesor/a correspondente. O control desta lectura farase por escrito ou oral, cunha ou varias preguntas de situar un parágrafo no conxunto da obra, algunha pregunta concreta do tipo: perfil dos personaxes, espazo, tempo, cambio o final, etc...

Porcentaxe na nota global: 10 %

O 50% da nota será para quen demostre que leu o libro (con preguntas determinantes).

A nota completa será para quen redacte ben e con corrección ortográfica. No caso de ser unha proba oral, a nota completa será para que se exprese ben nun galego correcto, evitando coloquialismos, castelanismos, palabras malsoantes,.... Con este procedemento valoramos a destreza lingüística do alumnado, tanto na súa versión escrita coma na oral.

Traballo na aula:

0'5 puntos.

.Porcentaxe na nota global: 5 %

O alumnado deberá demostrar unha actitude de traballo positiva cara á materia, traballando en aula nas tarefas que se encomenden tanto a nivel individual coma a nivel de grupo e participando na súa posta en común e corrección.

Traballo na casa:

0'5 puntos.

...Porcentaxe na nota global: 5 %

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Esta puntuación levarase a cabo no caderno do profesor con positivos, negativos e puntos (estes en caso de traballo a medio facer). Con isto avaliaremos o esforzo e capacidade de traballo individual do alumnado. Realizarase a través de exercicios do libro de texto, redaccións, resumos, traballos, etc ... que se manden facer na casa.

Cada alumno deberá ter un mínimo de cinco chamadas anotadas no libro de profesor.

Se todo son positivos: 0'5 puntos; a metade negativos: 0'25 puntos; se hai puntos (equivalente a regular), cada dous suma un positivo. Pode haber máis de cinco chamadas, así que porase a nota en proporción das mesmas.

•PROMOCIÓN TRIMESTRAL DO ALUMNADO

A cualificación trimestral corresponderá á suma das notas dos apartados anteriores. E a nota final terá que ser igual ou superior a 5. No caso de que a nota final resulte ser un 4'8 ou 4'9 terase en conta a actitude na aula no relacionado co esforzo, participación e atención ademais da actitude positiva cada ó idioma. No resto dos casos asimilárase ao enteiro superior sempre que sexa 0'8 ou 0'9 o decimal, deste xeito o alumno coa nota final de 3'8 obterá na avaliación un 4 .

Así as cualificacións definitivas de cada unha das avaliacións expresárase do seguinte xeito:

IN –do 1 ó 4.5 -(insuficiente)

SU –5-(suficiente)

B -6-(ben),

(NOT) -7 ou 8 –notable

e (SOB)-9 ou 10 -sobresaliente .

Acompañadas tamén dunha cifra numérica pero sen decimais.

OUTROS INSTRUMENTOS A TER EN CONTA

•Actitude na aula.

Este apartado servirá para redondear os decimais da nota global en punto, ben pode ser para subir nota ou para baixala, dependendo dun comportamento axeitado tanto cos compañeiros como co profesorado, na que se aprecie un respecto mutuo seguindo as normas mínimas de educación e convivencia: pedir permiso para entrar, non interromper as explicacións e/ou correccións, non insultar nin dicir palabras mal soantes, pedir desculpas, atender ás explicacións e non estar falando reiteradamente, en definitiva, comportarse como unha persoa.

A puntuación máxima será de 0'5 puntos.

•Lecturas voluntarias.

Contemplamos a posibilidade de incrementar a nota da avaliación con lecturas opcionais.

Trátase dun incentivo neste tempo de crise lectora. O alumnado que queira subir nota pode facelo lendo libros en galego, que non ten por que indicar o/a profesor/a necesariamente, pode suxerir títulos, pero só por unha vez son s rapaces quen de elixir libremente. A profesora decidirá se é adecuado para a idade ou tendo en conta a súa capacidade. Farase unha proba oral de control de lectura co libro diante, mandaráselle ler e situar o fragmento no conxunto da obra. Así mesmo formularanse preguntas curtas determinantes. A puntuación máxima será de 0.5 puntos.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Na ESO non se realizará unha proba de recuperación de contidos aofinalizar cada avaliación.

Trátase de contidos progresivos e non consideramos oportuna esta proba. Se a fin de curso facendo a media das tres avaliacións non consegue aprobar, terá dereito a unha proba final en xuño; no caso de ter algunha avaliación aprobada realizará unha recuperación das partes suspensas o mesmo día do exame final.

•**Convocatoria de setembro**

O sistema será da seguinte maneira:

ESO : Exame.....10 puntos.

Criterios para determinar a cualificación final.

No mes de xuño na avaliación ordinaria o alumno terá superada a materia con carácter xeral sempre que obteña unha nota de 5 ou superior a 5 na suma das tres avaliaciónstrimestrais.

A nota da terceira avaliación será o resultado da media dos resultados acadados nos tres trimestres.

Para o alumnado que non obtivera un valoren positivo (nun máximo de dúas avaliacións) haberá unha proba de recuperación en xuño que será ponderada nun 80 % e o 20% do apartado relacionado coesforzo, atención, participación e actitude positiva cara ao idioma. A avaliación estará superada cando o alumno alcance unha nota de 5 ou superior a 5.

De non superar a proba da avaliación suspensa cunha nota inferior a 4, o alumno irá á convocatoria desetembro cos contidos de todo o curso .

Con carácter excepcional o alumno pode superar a materia con dúas avaliacións aprobadas e unha suspensa sempre que a nota sexa superior a 4,5. Terase en conta á hora de cualificalo, o feito de que o alumno non abandonase a materia.

Con carácter excepcional o alumno pode superar a materia tendo unha puntuación de 4 ou insuficiente .Terase en conta á hora de cualificalo o traballo desenvolvido a longo do curso e a actitude, atención e participación na aula.

1º e 2º de PMAR

En tanto que forma parte do ámbito lingüístico e social, as actividades organízanse de xeito complementario coas de Lingua española, aínda que se reforcen especificamente os seguintes apartados en Lingua galega e literatura:

1.-CONCRECIÓN DOS CONTIDOS

A/FUNCIONAMENTO DA LINGUA:

Prestarase atención especial aos seguintes apartados:

1-Ortografía

: Fonemas vocálicos e consonánticos, vogais, consoantes e grafemas. Uso de vogais e consoantes, con especial insistencia nos casos de interferencias galego-castelán. Combinación de vogais. Sílaba, acentuación, puntuación.

2.Morfoloxía: Identificación das diferentes clases de palabras: Substantivo e adxectivo (xénero e número); determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, etc); verbo (modos, tempos, número, persoa, regular, irregular, etc), palabras invariables (adverbio, conxunción preposición e interxección). Análise morfolóxica.

3.-Léxico e Semántica: Ampliación de vocabulario dalgúns campos semánticos determinados: familia, fogar, natureza, o mar, etc.

Conceptos de sinonimia, antonimia, paronimia, etc.

B/COMUNICACIÓN ORAL: escoitar e falar

Expresión oral en distintos formatos de textos dialogados, presentacións, dramatizacións e reflexión sobre as regras básicas en situacións de comunicación oral (debate, conferencia, etc.)

C/COMUNICACIÓN ESCRITA: Ler e escribir

Lectura comprensiva e elaboración de textos escritos, segundo os modelos xerais de narración, descrición, diálogo, noticia, crónica, reportaxe, etc.

D/LINGUA E SOCIEDADE: Explicaranse conceptos como o de bilingüismo diglósico, evolución e etapas principais da historia da lingua galega.

E/ EDUCACIÓN LITERARIA:A literatura galega

Desde o nacemento ata o séc. XX:lírica medieval, séculos escuros e rexurdimento.

2.-CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para dar cumprimento de xeito satisfactorio a eses bloques de contido, o alumnado terá que demostrar un grao mínimo de adquisición dos seguintes estándares:

Bloque 1. Funcionamento da lingua

Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.

Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.

Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.

Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.

Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolve as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.

Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.

Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas .

Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

Bloque 2. Comunicación oral: escoitar e fala

Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.

Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes, crónicas.

Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións

Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

Cofece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.

Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.

Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.

Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.

Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).

Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.

Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.

Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

Bloque 3. Comunicación escrita: ler e escribir

Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos.

Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.

Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.

Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.

Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.

Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica, entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.

Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións, intervencións en foros.

Produce, en soporte papel ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.

Produce, en soporte papel ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.

Usa correctamente elementos formais nos traballos académicos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos.

Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.

Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.

Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).

Usa as TIC (procesadores de textos, correctores ortográficos) para organizar os contidos,

mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.

Bloque 4. Lingua e sociedade

Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.

Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.

Cofece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.

Cofece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.

Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.

Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.

Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.

Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.

Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

Bloque 5. Educación literaria

Identifica as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.

Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e

ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.

Emprega diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e citaaxeitada destes.

OBXECTIVOS XERAIS

1.

Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

2.

Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.

3.

Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

4.

Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.

5.

Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

6. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.

7. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

8.

Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.

9.Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.

10.Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.

11.Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

12.Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.

13.

Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

14.

Descibir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

15.

Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.

16.

Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

17.

Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

18.

Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

19.(Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados en clase

4.-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

Se hai algún elemento que cuantitativa e cualitativamente debe presidir o estudo da Lingua e literatura galega é a transversalidade.Por que?

Porque, dada a situación da sociedade que desde o punto de vista sociolingüístico tende a ser cada vez máis complexa e á vez máis uniforme en favor das linguas hexemónicas é urxente presentar o idioma como un nexo de

sobrevivencia da nosa cultura e de todo o que isto significa desde diferentes áreas: historia, xeografía, paisaxismo, natureza, usos, costumes, novas tecnoloxías, etc.

Sen esquecermos valores tan importantes como a igualdade, a paz, ou a solidariedade que virán recollidos no proxecto educativo de centro, pero que quizais se deban reforzar na área sociolingüística porque de xeito directo son obxecto de tratamento en bloques de contido como é o de lingua e sociedade para evitarmos discriminacións por razóns de raza, lingua, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se partimos da importancia que debe ter a conexión entre a realidade cotiá e a das aulas, resulta obvio considerar que as actividades complementarias que se desenvolvan no centro ou fóra del serán un elemento determinante para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, a colaboración de autores, que explican a súa obra e expoñen o proceso creativo polo que a lingua lles permitiu crear a obra literaria, é un dos piares que contribúe nos diferentes xéneros literarios a espertar entre o alumnado o espírito creativo e expresivo do idioma no plano oral e escrito.

Esta actividade irá sempre precedida da lectura individual da obra do autor invitado para que o alumnado resolva dúbidas ou curiosidades sobre aquela.

Como dicíamos máis enriba, o traballo interdisciplinar e de inmersión na contorna ou no medio natural serán dúas das ideas principais para o traballo extraescolar. Así, e como vén sendo tradicional, a colaboración cos departamentos de Bioloxía, X. e Historia e Educación Física permite organizar actividades que contribúen á formación integral do noso alumnado.

-CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E DE CONVIVENCIA

Amateria da que estamos a falar, e tal e como se recolle nas competencias básicas a desenvolver contribuirá de xeito explícito á mellora da comunicación lingüística, da competencia dixital e da convivencia.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Por iso se incluíron detalladamente os bloques de contido: comunicación oral (saber falar e escoitar), comunicación escrita (saber ler e escribir) e lingua e sociedade (respecto polas diferentes opcións lingüísticas), así como o plan de Tics, que na sociedade actual debe contribuír á formación integral do alumnado.

PROGRAMACIÓN DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL DO PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO 2

Debido á falta de concreción e desenvolvemento da normativa referida aos Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, o Departamento de Lingua castelá e Literatura decidiu adaptar a programación do ámbito sociolingüístico do PDC de 3º curso.

Esta programación didáctica está deseñada para evitar o fracaso escolar dun alumnado que presenta problemas de aprendizaxe, con baixos resultados académicos. O obxectivo fundamental é dar resposta ás súas necesidades educativas, cunha atención moi individualizada por parte da profesora. Trátase dun programa flexible, pois en función das carencias ou dificultades de cada alumno ou alumna iranse incorporando as adaptacións metodolóxicas oportunas, axeitadas a cada caso ou circunstancia, de maneira que todos acaden os obxectivos do ciclo e desenvolvan as competencias básicas que lles permitan incorporarse a unha nova etapa da vida (social, académica ou profesional): comunicación lingüística, coñecemento e interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, cultural e artística, competencia en aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Contribución do ámbito lingüístico e social á adquisición das competencias clave

- A competencia en comunicación lingüística (CCL) resulta imprescindible porque a linguaxe é o vehículo imprescindible de comunicación, o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar.

Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de comprender e expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

A contribución das Linguas e Literaturas galega e castelá ao logro das competencias básicas parte da competencia comunicativa, que implica a adquisición de coñecementos e estratexias pertencentes a catro ámbitos: o ámbito lingüístico (ortografía, gramática, léxico...), o ámbito sociolingüístico (formas de tratamento, normas de cortesía e respecto ao interlocutor nos turnos de palabra, elección do rexistro e nivel de lingua axeitados...), o ámbito pragmático (formas de organización dos textos e mecanismos de cohesión...) e o ámbito estratéxico (destrezas básicas de comprensión e expresión: comprensión lectora, expresión oral e escrita...). Por outra parte, contribúese ao logro doutras competencias:

• **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

(habildade para relacionarse, convivir, respectar, tolerar e entender ás persoas). Facilitase a aproximación crítica á realidade (concienciación das consecuencias económicas e medio-ambientais, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís e a valoración do patrimonio histórico, cultural e artístico da humanidade) a través do traballo con diferentes tipos de textos (literarios, periodísticos, históricos, etc.), diferentes situacións de comunicación nas que se constate a variedade dos usos da lingua (variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais), a diversidade lingüística (realidade plurilingüe de España, convivencia de linguas cooficiais) e a análise dos usos discriminatorios da linguaxe transmisores de prexuízos (raciais, sexistas ou clasistas).

A contribución das Ciencias Sociais (Xeografía e Historia) resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cívica,

polo papel que xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais e porque facilita a comprensión da realidade social e as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural. Para o desenvolvemento dunha competencia social democrática, o alumnado ten que comprender que o mundo en que vivimos é froito dos feitos históricos e das accións dos nosos antepasados. Só así poderá adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este. O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos cunha metodoloxía participativa e interactiva que potencie as habilidades necesarias para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes como cidadáns.

As Ciencias Sociais contribúen tamén á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e á conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contribúese á adquisición destas competencias na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos e históricos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes, mapas históricos e a súa representación cartográfica.

Permite, ademais, analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, e non só os problemas que isto xera, senón tamén as accións que pode arbitrar de xeito responsable para asegurar a protección do ambiente. A segunda competencia-conciencia expresións culturais -supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

•Aprender a aprender (CAA).

Esta competencia supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. É necesario coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Unha aprendizaxe autónoma que facilite o acceso permanente ao coñecemento, só se pode acadar por medio da linguaxe, coa elaboración de resumos e de

esquemas que organicen as ideas, a elaboración de sinxelos traballos de investigación que impliquen a busca de información en distintas fontes, a súa selección, a posterior exposición, etc

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

A capacidade para resolver problemas, planificar e decidir só se logra grazas á habilidade lingüística necesaria, a intervención en situacións reais ou simuladas (debates, simulación de reunións nas que hai que levantar acta, etc); a lectura voluntaria de obras literarias, o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das TIC e da biblioteca do centro.

- Competencia dixital (CD)

Facilítase coa inclusión no currículo do uso de soportes electrónicos na composición de textos e de novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escritura e dos coñecementos. Actualmente é imprescindible para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

- A competencia existencial

(referida ao conxunto de trazos da personalidade, motivacións, crenzas e valores que configuran unha certa actitude de cara á vida) adquirese a través da literatura e a lectura en xeral e na materia de Historia.

Trátase de capacitar ao alumnado para entender a linguaxe literaria e artística, valorar os textos e as obras de arte, establecer relacións entre estes e o contorno en que naceron.

Para lograr esas competencias, débense desenvolver tres destrezas nucleares no ámbito lingüístico que coinciden na práctica cos bloques propostos no currículo:

falar e escoitar, que supón ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais en situacións comunicativas diversas; ler, que supón ser competente para comprender e usar textos diversos con diferentes intencións

comunicativas; escribir, que supón ser competente para compoñer diversos tipos de textos e documentos con variadas intencións comunicativas.

No grupo do PDC centrámonos preferentemente no traballo enfocado á adquisición destas destrezas a través da práctica continua da lectura comprensiva, a escritura e a expresión oral planificadas, así como a busca de información en distintas fontes, o uso axeitado da biblioteca e dos seus

recursos e a utilización das TIC para a elaboración e presentación dos traballos académicos.

Obxectivos xerais do PMAR no ámbito lingüístico e social

-

Ler e comprender diferentes tipos de textos, diferenciando as ideas principais das secundarias.

-

Obter información relevante a través de esquemas e resumos.

-

Redactar con claridade, coherencia, corrección gramatical, ortográfica e léxica.

-

Expresarse oralmente e por escrito de forma organizada, correcta e adecuada á situación comunicativa.

-

Afianzar o seu coñecemento das normas lingüísticas do galego e docastelán, comprendelas e entender que dentro destas existen variedades internas.

-

Valorar e respectar a importancia do uso rigoroso destas normas lingüísticas.

-

Comprender a importancia e transcendencia da aparición da palabra e da escritura na historia da humanidade.

-

Deducir o significado das palabras segundo o seu contexto.

-

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Utilizar o vocabulario con precisión e rigor e ampliálo, non só o propio do ámbito.

-

Saber obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, etc. a partir de distintas fontes.

-

Analizar o seu traballo, a súa capacidade e resultados.

-

Valorar o esforzo e interesarse por adquirir novos coñecementos.

-

Acrecentar o gusto pola lectura en xeral.

-

Afianzar o seu coñecemento das normas lingüísticas do galego e do castelán, comprendelas e entender que dentro destas existen variedades internas.

-

Valorar e respectar a importancia do uso rigoroso destas normas lingüísticas.

-

Comprender a importancia e transcendencia da aparición da palabra e da escritura na historia da humanidade.

-

Deducir o significado das palabras segundo o seu contexto.

-

Utilizar o vocabulario con precisión e rigor e ampliálo, non só o propio do ámbito.

-

Saber obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, etc. a partir de distintas fontes.

-

Analizar o seu traballo, a súa capacidade e resultados.

-

Valorar o esforzo e interesarse por adquirir novos coñecementos.

-

Acrecentar o gusto pola lectura en xeral, vendo nela un medio de enriquecemento persoal.

-

Obter, entender e seleccionar a información obtida dun cadro, fotografía, película,...pero tamén relacionala, analizala e comunicala.

-

Entender, valorar e respectar as diferenzas lingüísticas, históricas,artísticas, relixiosas,...como un sinal de identidade ao tempo que un feito enriquecedor, manifestando respecto e tolerancia cara aos pobos e culturas diferentes.

-

Tomar conciencia e criticar aquelas situacións que non respectan a diversidade anterior.

-

Interpretar mapas, gráficos e localizar neles a información necesaria.

-

Coñecer e valorar desde unha perspectiva crítica a interrelación do home co medio natural, en especial respecto á utilización dos recursos e ás consecuencias medio-ambientais máis importantes.

-

Coñecer a grandes trazos a organización política e económica –tanto global como a máis próxima- e valorar criticamente a diversidade existente.

-

Coñecer algúns dos momentos máis significativos da evolución histórica de Galicia.

-

Coñecer e valorar algúns dos problemas que afectan actualmente ao desenvolvemento económico e cultural de Galicia.

-

Valorar o patrimonio histórico, cultural e artístico da humanidade en xeral e de Galicia en particular como un ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.

-

Identificar a pluralidade da sociedade, coñecer trazos esenciais das súas normas, e mostrarse respectuoso cos seus dereitos e deberes, opinións...

-

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Apreciar que os dereitos e liberdades son unha das conquistas máis importantes da humanidade.

-

Realizar sinxelas investigacións ou traballos e expor oralmente os resultados de forma organizada e con claridade, con axuda dos soportes dixitais.

-

Utilizar con racionalidade as novas tecnoloxías e os medios de comunicación vendo neles un medio respectuoso de comunicación e de enriquecemento cultural e persoal.

-

Entender e explicar os cambios históricos e sociais utilizando as principais e máis elementais técnicas e procedementos da historia.

-

Identificar as relacións e mecanismos que rexen o funcionamento das sociedades contemporáneas e formar un xuízo persoal razoado.

-

Comprender por que feitos e manifestacións da historia, linguas, cultura pensamento, etc. cambian e outros permanecen.

-

Realizar tarefas individualmente e en grupo, participar en discusións e debates de forma construtiva e tolerante, fundamentando as opinións propias e valorando a discrepancia e o diálogo como vía para a solución de problemas humanos e sociais.

-

Valorar o diálogo como unha vía para solucionar os problemas.

Materiais e recursos. Incorporación das TIC nas clases de ámbito lingüístico e socia. Neste grupo do PMAR é fundamental o desenvolvemento de destrezas e estratexias de aprendizaxe que sirvan ao alumnado para a súa vida cotiá, académica ou laboral. Ademais da utilización dos recursos tradicionais: fontes bibliográficas, libros de texto, caderniños de lectura e escritura, libros de lectura, fotocopias, textos especialmente seleccionados (literarios, periódicos, modelos de instancias para a realización de reclamacións,

departes de accidentes, impresos académicos, cartas, etiquetas de produtos de consumo, etc.), utilizaranse os medios audiovisuais e as TIC para a adquisición da competencia no tratamento da información e a competencia dixital e para proporcionar un apoio ás explicacións da profesora, as exposicións orais que realice o alumnado, a busca de información, a composición de textos ou a realización de traballos de investigación.

.

Medios audiovisuais

:imaxes de obras artísticas, museos virtuais, fotografías, láminas, mapas, etc., películas (para a análise dos trazos diferenciais entre unha narración escrita e unha narración fílmica, a análise da linguaxe non verbal, o coñecemento da literatura e a historia a través do cine, etc.), gravacións musicais (idóneas como canal de divulgación da lírica a través de versións musicalizadas de poemas), documentais, programas televisivos (debates, tertulias, entrevistas...).

O uso de sistemas informáticos facilitará e axudará á ampliación do vocabulario ao utilizar a terminoloxía específica dos sistemas operativos: arquivos, escritorio, barra de ferramentas, carpetas, ventás, etc.; termos referidos á organización e recuperación da información en diferentes soportes: disquete, disco duro, pen drive, etc.

.Utilización dos procesadores de textos para a presentación correcta dos seus traballos escritos en ordenador: marxes, sangrados, tamaño e tipos de letra, subliñados, viñetas, paxinación, pés de páxina, etc.

.Utilización de programas de presentación (Power Point) para as exposicións orais do alumnado na clase.

-Do mesmo xeito, utilizarán correctores, tradutores e dicionarios.

. Internet

Será eficaz non só para a busca de información senón tamén como vía de acceso a bibliotecas, museos e aulas virtuais, visitas a páxinas web de interese, visitas e creación de blogs e periódicos dixitais, e como un recurso que ofrece múltiples posibilidades para traballar a lingua e as ciencias sociais.

Métodos de traballo

Segundo as instrucións para a implantación do currículo da educación

secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, de 27 de xullo de 2015, O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa”. De acordo con iso, e coa finalidade de potenciar a competencia social e cívica e a competencia de aprender a aprender, realizarase o traballo por proxectos. O alumnado traballará principalmente en parellas ou grupos para reforzar os lazos de colaboración entre eles e mellorar a súa autoestima. Ademais vaise incidir na responsabilidade persoal e co grupo.

As características do grupo e das materias que se imparten permítenos utilizar numerosos métodos e orientar o traballo nas vertentes individual e colectiva. Organizaranse na aula actividades diversas que faciliten a súa aprendizaxe. Só puntualmente se utilizará o método expositivo para a explicación de determinadas cuestións ou aclaracións de dúbidas e serán máis frecuentes os métodos de tipo práctico como o demostrativo(a profesora transmite o coñecemento a través da demostración práctica) ou a aprendizaxe por descubrimento (o alumnado realiza tarefas como reordenar textos para que sexan coherentes, substituír palabras nun texto por sinónimos ou antónimos, e outras tarefas que levan ao coñecemento e á adquisición de distintas competencias: autonomía e iniciativa persoal e aprender a aprender, competencia dixital e tratamento da información), o interrogativo (o proceso de ensinanza–aprendizaxe enriquecese a través das preguntas e respostas que implican, ademais, unha maior interacción alumnado–profesora e profesora–alumnado). Estes métodos poden alternarse con outros métodos individuais ou en equipo adaptados ao contexto, a materia que se aborde, tarefa, etc.

A utilización das TIC permitirá traballar distintos aspectos:

- Utilización da “netetiqueta” (corrección lingüística, linguaxe adecuada para a comunicación a través da rede en correos electrónicos, chats, foros, etc.).
- Análise da linguaxe publicitaria dos anuncios en vídeo publicados a través de Internet.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

- Adquisición de técnicas de busca de información en Internet (o alumnado participa na actividade promovida pola biblioteca do centro, “Formación de usuarios”, como reforzo das actividades que neste sentido se realizan na aula).
- Criterios que axuden a identificar as páxinas web fiables (corrección lingüística, actualización e estabilidade, obxectividade e formulación ética, referencias ás fontes utilizadas, calidade técnica, etc.).
- Utilización de Aulas Virtuais para traballar distintos aspectos da lingua (vocabulario, ortografía, etc.) e das ciencias sociais (mapas históricos, mapas interactivos, etc.).
- Presentacións de determinados contidos en Power Point.
- Creación de blogs de contido, sobre todo literario e de creación de textos.

Contidos e temporalización para o 3º curso

AVALIACIÓN INICIAL

Obxectivos:

1.

Valorar o grao de desenvolvemento do alumnado nas destrezas lingüísticas

Actividades:

Cuestións en relación cun texto lido pola profesora para comprobar o grao de comprensión oral.



Exposicións orais breves expresando opinións con respecto a temas de actualidade.



Cuestións sobre textos lidos para comprobar o grao de comprensión lectora.



Produción de textos de diferente tipoloxía, para avaliar a capacidade expresiva a nivel escrito.

2.

Coñecer as necesidades educativas de cada alumno ou alumna

Actividades



Consulta dos informes académicos para recabar información da orientadora do centro e dos titores e titoras de anos anterior



Plantexamento de coloquios e debates para facilitar a expresión espontánea de sentimentos, valoracións e opinións respecto da súa experiencia académica previa.

1ª AVALIACIÓN

Obxectivos:

1.

Propiciar o autoconhecimento e reforzar a autoestima

Actividades



Desenvolvemento da expresión oral en discursos de carácter persoal.



Práctica da lingua escrita para organizar o pensamento, expresar sentimentos e opinións de carácter persoal, e analizar e valorar as propias capacidades.

2.

Acadar un ambiente agradable e afectivo na aula que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe

Actividades:



Plantexamento de coloquios e debates para facilitar a expresión espontánea de sentimentos, valoracións e opinións respecto da súa experiencia académica previa.



A organización e o funcionamento da biblioteca do centro.



A elaboración de fichas de lectura.



Visitas á biblioteca do centro para coñecer o seu funcionamento e organización.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Elección libre de obras de lectura.



Creación dunha biblioteca de aula.



Posta en común e comentario das obras lidas.



Lectura individual na biblioteca (unha hora semanal).



Lectura colectiva na aula, en voz alta, de textos de todo tipo, tanto por parte do alumnado como da profesora.



Hora de lectura na aula como actividade do Plan Lector: “Hora de ler”.



Lectura de dúas obras íntegras elixidas por cada un dos alumnos e relacionada coas temáticas de viaxes, diferentes culturas, situación da muller no mundo.

5.

Fomentar o interese pola presentación clara, limpa e ordenada dos traballos escritos

Contidos



As marxes, a sangría e os títulos.



A división en párrafos.

Actividades:



Dotación de estrutura lóxica aos textos desordenados, reescribíndoos cunha correcta división en párrafos e respectando as marxes e a sangría.



Inclusión do caderno de traballo como material avaliable valorándoo
como un criterio de avaliación.

6. Desenvolver a comprensión e a expresión (oral e escrita)

Contidos

:



A lingua oral e a lingua escrita: trazos distintivos.



Os medios de comunicación oral e escrita.



O xornal.



Aproximación aos xéneros xornalísticos

Actividades



Recoñecemento dos trazos distintivos propios da lingua oral, tanto
nos textos de transmisión escrita como en textos orais.



Recoñecemento dos trazos distintivos propios da lingua escrita.



Análise da estrutura dun xornal.



Localización e distinción na prensa escrita de textos periodísticos
informativos e de opinión.

7.

Desenvolver a comprensión lectora de textos escritos e/ou con
información icónica

:

Actividades:

Práctica de distintas técnicas de comprensión lectora en textos
relacionados coa materia de Ciencias Sociais (Xeografía).

-

Práctica de distintas técnicas de comprensión lectora en textos

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

prescritivos (instrutivos e normativos) relacionados coa vida cotiá:

prospectos, etiquetas de produtos de uso habitual, instrucións de uso de aparellos electrodomésticos, como operar con tarxetas, trasladarse nunha cidade orientándose cun plano do metro ou da cidade, etc.

8.

Desenvolver a capacidade de atención, observación e memorización

.

Contidos:

♣

Campos semánticos

♣

Familias léxicas:

♣

A ortografía: b/v, h, g/j.

♣

Os climas e as paisaxes.

♣

Características máis destacadas do relevo, o clima, a hidrografía e a vexetación de España e Galicia.

♣

A organización do Estado.

♣

As principais cidades e accidentes xeográficos de Galiza.

♣

Comunidades e cidades autónomas, provincias e capitais das autonomías.

Actividades

♣

Creación e localización de campos semánticos e familias léxicas en textos de todo tipo: literarios, periódicos...

♣

Identificación e corrección dos castelanismos en textos de diferente

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Índole en galego.



Recheo dos ocos en branco dun texto coa palabra axeitada.



Traballo de caderniños de reforzo de ortografía ideovisual.



Identificación e corrección dos erro
ortográficos en textos diversos.



Distinción en mapas e imaxes de paisaxes dos distintos climas da
Terra.



Elaboración e análise de climogramas representativos dos diferentes
tipos de climas.



Localización no mapa físico de Galiza das principais cidades e
accidentes xeográficos.



Localización no mapa de España das comunidades e cidades
autónomas e as súas capitais, das provincias e dos principais
accidentes xeográficos.



Localización en mapas interactivos das comunidades e cidades
autónomas de España e as súas capitais, das provincias e dos
principais accidentes xeográficos



Realización de saídas e visitas culturais guiadas pola vila e os arredores
para ampliar os coñecementos traballados na aula, procurando relacionar a
realidade observada e a información recibida co estudado anteriormente.



Elaboración dunha guía turística dun lugar de Galicia
(preferentemente da Estrada).

10.

Mellorar a capacidade expresiva a nivel escrito

Contidos



Achegamento á tipoloxía textual.



Tipos de narracións



Tipos de descrições



A descripción de persoas e de paisaxes.



Adxectivación para caracterizar as persoas.

Actividades



Lectura e visionado de distintos tipos de textos narrativos: escritos e
fílmicos. Análise dos trazos diferenciais.



Lectura de textos descritivos.



Producción de textos narrativos e descritivos incorporando o aprendido.



Descrición escrita de imaxes proxectadas co canón na aula.



Análise das características estruturais e formais dos textos producidos.

2ª AVALIACIÓN

Obxectivos:

1.

Mellorar a expresión oral

Contidos

* O texto expositivo oral

Actividades:



Produción de textos narrativos e descritivos incorporando o aprendido.



Descrición escrita de imaxes proxectadas co canón na aula.



Análise das características estruturais e formais dos textos producidos.

2ª AVALIACIÓN

Obxectivos:

1.

Mellorar a expresión oral

.

Contidos

:

* O texto expositivo oral

Actividades



Elaboración de breves exposicións, procurando a orde e a claridade, tras a confección dun esquema previo.



Realización de breves exposicións orais para poñer en común as conclusións extraídas da reflexión individual sobre o traballo realizado na primeira avaliación, a valoración da propia actitude e o grao de cumprimento dos compromisos que se marcaran.



Realización de roldas de preguntas e respostas entre todos os membros do grupo co fin de averiguar a opinión que os demais teñen do proceso de traballo plantexado na primeira avaliación e o papel do alumnado e o profesorado.



Descrición oral de imaxes proxectadas co canón na aula.

Contidos:



Os dicionarios e os textos literarios. Outras fontes de documentación e

información.



A lectura como fonte de pracer e coñecemento.

Actividades:



Lectura de dúas obras íntegras elixidas por cada un dos alumnos e relacionada coas temáticas de viaxes, diferentes culturas, situación da muller no mundo.



Lectura na biblioteca das obras escollidas libremente por cada alumno (individual e silenciosa).



Consulta nos dicionarios dos termos descoñecidos.



Consulta en enciclopedias ou en Internet de temas, personaxes, feitos, etc. aos que se faga referencia nas obras lidas.



Aplicación de diversas técnicas de comprensión lectora, tras a lectura das obras ou fragmentos.



Posta en común, debates, exposicións individuais, etc., ao redor das obras lidas e/ou dos temas que tratan.

3.

Desenvolver / Mellorar as técnicas de estudo

.

Contidos



Idea principal e secundaria, oración temática, resumo, esquema e mapa conceptual.



Economía e actividades económicas. Conceptos básicos: poboación activa / inactiva; sector primario, secundario e terciario; países desenvolvidos,

emerxentes e subdesenvolvidos.



Características fundamentais da economía en Galicia.

Actividades

:



Análise da estrutura textual: a orde dos parágrafos nun texto, a orde das oracións nun parágrafo, a orde das palabras na oración.



Dotación da estruturación lóxica un texto desordenado.



Identificación da idea principal e a(s) idea(s) secundaria(s) dun texto.



Confección de esquemas e resumos segundo diversas técnicas ou procedementos. dos contidos do tema “A Economía e as Actividades Económicas”.



Realización dun informe sinxelo que recolla as actividades económicas da zona.



Invitación á aula a persoas que pola súa actividade profesional poidan completar coa súa experiencia e información o aprendido na aula.

4.

Potenciar a escoita atenta e a comprensión oral

Tipoloxía textual: o texto expositivo.

Actividades:

Lectura na aula e análise de textos relacionados cos contidos de Ciencias Sociais estudados.

-

Identificación do tipo de texto (fundamentalmente expositivo) e a súa estruturación, tras a súa lectura ou exposición na aula, ben por parte da profesora, ben por parte dun alumno ou dunha alumna.

-

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

Elaboración do esquema básico dun texto previamente escoitado.

-

Realización de apuntamentos de textos orais.

5.

Fomentar o grao de concentración e de memorización a longo prazo

.

Contidos:

♣

Os países europeos e as súas capitais.

♣

A Unión Europea.

♣

Accidentes xeográficos máis destacados de Europa

Actividades

:

♣

Práctica de técnicas de concentración.

♣

Práctica de estratexias de memorización.

♣

Localización dos países e as súas capitais no mapa político de Europa e en mapas interactivos.

♣

Localización en mapas dos accidentes xeográficos máis destacados de Europa.

6.

Mellorar a expresión escrita

Contidos

♣

A concordancia verbal. Tempos e valores verbal

♣

A sintaxe. A subordinación: principais conectores.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Actividades

•

Recheo de textos con espazos en branco para introducir os tempos verbais precisos.

♣

Reescritura de textos modificando os tempos ou valores verbais.

♣

Identificación nun texto dos principais conectores e proposicións subordinadas.

♣

Reescritura (ou ampliación ou redución) de textos modificando, introducindo ou eliminando subordinadas.

♣

Produción de textos breves segundo determinadas consignas ao respecto dos conectores e proposicións subordinadas.

♣

Creación de narracións ou relatos breves procurando unha correcta concordancia verbal e un uso axeitado dos conectores subordinantes, sen esquecer a presentación clara e ordenada e unha lóxic estruturación en parágrafos.

3ª AVALIACIÓN

Obxectivos:

1.

Mellorar a comprensión e a expresión e oral

Contidos

♣

Fontes de documentación e información.

♣

A exposición oral.

Actividades

♣

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Procura de información a través de Internet.



Procura de información tanto na biblioteca do centro como na biblioteca municipal.



Preparación dunha exposición oral sobre a civilización antiga elixida polo/a alumno/a, ou sobre as peculiaridades dalgún pobo que exista actualmente: peculiaridades sociais, culturais, políticas, históricas, gastronómicas, económicas, etc.



Exposición oral do tema preparado.



Toma de apuntamentos sobre as exposicións dos compañeiros e compañeiras e elaboración de esquemas ou resumos sobre as mesmas.

2.

Reforzar o grao de observación, atención, concentración e memoria

.

Contidos:



A globalización.



Países de América, Asia, África e as súas capitais.



Accidentes xeográficos máis destacados no mundo.

Actividades:



Lectura e análise de casos prácticos para a comprensión do fenómeno da globalización.



Localización no mapa político de América, Asia e África dos países e as súas capitais.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Localización no mapamundi dalgúns accidentes xeográficos destacados.



Confección de murais ou collages sobre diversos países do mundo.



Elaboración de guías de viaxes e/ou guías turísticas sobre algún país do mundo.



Elaboración dunha entrevista a algunha persoa que viaxase a algún país do mundo.

3.

Afianzar as técnicas de estudo e a comprensión lectora

.

Contidos

:



A poboación. Conceptos básicos: taxa de natalidade e de mortalidade, crecemento natural, emigración/inmigración, indicadores do desenvolvemento ou subdesenvolvemento dun pobo...



A poboación en España e Galicia. A emigración/inmigración e o avellentamento da poboación.

Actividades:



Elaboración de pirámides de poboación de diferentes partes do mundo



Busca nos xornais de noticias referidas aos temas tratados na aula.



Comprensión e creación de gráficos, mapas de coropletas, etc. representativos dos fenómenos migratorios actuais.



Lectura de dúas obras íntegras elixidas por cada un dos alumnos e relacionada coas temáticas de viaxes, diferentes culturas, situación da muller

no mundo.

4.

Expresarse a nivel escrito con coherencia e corrección, tanto en lingua castelá como en lingua galega, empregando o vocabulario e os recursos expresivos axeitados ao tipo de texto

.Contidos:



Tipoloxía textual: textos literarios e textos periodísticos informativos.

Trazos distintivos. Xéneros e subxéneros.



Interferencias lingüísticas entre os idiomas galego e castelá:
castelanismos máis frecuentes en lingua galega e galeguismos máis frecuentes na lingua castelá (ortográficos, morfosintácticos e léxicos).

Actividades

:



Esquemas representativos dos xéneros literarios e periodísticos informativos.



Redacción das características fundamentais dos xéneros literarios e periodísticos informativos tras a lectura de fragmentos de obras literarias e de noticias.



Puntuación de diferente xeito de textos breves para observar o cambio de sentido.



Puntuación correcta de textos, especialmente teatrais, tendo en conta as modalidades enunciativas.



Produción de textos breves –literarios e periodísticos informativos (noticias)– procurando utilizar o vocabulario axeitado, puntuar correctamente e evitar erros lingüísticos.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Asistencia á representación de espectáculos teatrais e procura da observación directa por parte do alumnado dos elementos escenográficos e técnicos que acompañan calquera representación teatral.



Lectura e comentario de Cantigas de Amigo.



Produción de Cantigas de Amigo seguindo o modelo dos lidos e comentados nas clases.



Identificación e corrección en textos galegos diversos dos castelanismos, tanto ortográficos como morfosintácticos e léxicos.

castelá.

11.7-

Contidos mínimos

*

Contidos mínimos de Lingua e Literatura Galega e Lengua Castellana y Literatura

- Comprensión da intención comunicativa, das ideas principais, dos datos relevantes e das teses ou argumentos dos texto orais e escritos nos medios de comunicación ou no ámbito escolar.
- Comprensión da intención comunicativa, temas, organización da información de textos escritos nos medios de comunicación ou nos ámbitos públicos.
- Exposición, explicación, argumentación e resumo usando o rexistro adecuado, con claridade e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Realización de presentacións orais claras e estruturadas sobre temas académicos, sociais, políticos, culturais coa axuda dos medios de comunicación e das TIC.
- Participación en debates con utilización correcta do rexistro e nivel de lingua e linguaxe non verbal, fórmulas de cortesía e respecto polas opinións alleas.
- Exposición dunha opinión argumentada sobre a lectura de textos e obras da Idade Media ao século XVII.
- Identificación e valoración en textos orais e escritos da presenza dun uso

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos.

- Utilización dos coñecementos literarios na comprensión e valoración de textos breves da literatura contemporánea, relacionando fragmentos e autores co seu contexto literario e histórico. Recreación ou imitación dalgún modelo proposto na clase.

- Coñecemento dos períodos e movementos literarios da Idade Media ao século XVII, así como de obras ou autores máis relevantes.

- Aplicación dos coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos propios.

- Coñecemento e uso da terminoloxía lingüística axeitada para a descrición gramatical.

- Creación de distintos tipos de textos, respectando as propiedades dos textos: coherencia, cohesión, adecuación e corrección.

- Creación de textos do ámbito social e profesional: instancia, acta, currículo, carta de presentación, carta comercial, reclamación...

- Aplicación das regras ortográficas xerais (acentuación, puntuación, maiúsculas e minúsculas, grafías correctas, abreviaturas...)

- Lectura das obras literarias propostas para cada curso.

* Contidos mínimos de

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Ubicación en mapas das provincias e comunidades autónomas que conforman a estrutura territorial de España.

-

Ubicación en mapas dos países e das súas capitais que conforman a UE.

-

Localización en mapas dos principais accidentes xeográficos de España e Europa e dos máis destacables do mundo.

-

Identificación das distintas zonas climáticas da Terra e dos seus trazos principais.

-

Manexo e selección das diferentes fontes históricas (documentos, xornais,

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

mapas...) facendo un uso correcto da redacción, expresión oral, expresión gramatical, etc. nas exposicións da información obtida de ditas fontes.

-

Comprensión dos eixos cronolóxicos como método para ter unha localización espazo-temporal, dentro de cada un dos feitos senlleiros da Historia Contemporánea.

-

Identificación das causas e consecuencias de cada un dos principais cambios habidos nas revolucións e guerras mundiais.

-

Comprensión das transformacións nas sociedades española e galega habidas dende a época moderna á contemporánea.

-

Utilización de mapas históricos para cada un dos acontecementos históricos principais e comprensión de como as fronteiras non foron inamovíbeis.

-

Comprensión e utilización de tecnicismos da arte que lles axuden a distinguir as diferentes correntes artísticas.

Criterios de avaliación

1.

Captar as ideas principais e secundarias dun texto oral ou escrito.

2.

Elaborar un resumo, esquema a partir dun texto, exposición ou debate.

3.

Sintetizar por escrito ou oralmente un texto ou varios textos sinxelos.

4.

Comprender e seguir as instrucións para a elaboración do traballo ou actividade e realizala dun xeito ordenado, coherente e, respectando as normas propias de cada actividade.

5.

Entender e explicar (oralmente ou por escrito) as interrelacións que se establecen nos feitos históricos e a relación entre as causas e

consecuencias.

6.

Consultar as fontes de información, seleccionar e empregar a información en traballos, actividades...

7.

Utilizar adecuadamente a lingua, oral e escrita, segundo a situación

8.

Utilizar a lingua, oral e escrita, para elaborar textos que respecten as normas propias do galego e castelán.

9.

Utilizar, ampliar e enriquecer o vocabulario.

10.

Debater sobre un tema, buscando e seleccionando a información, con argumentos coherentes e respectando as normas do diálogo.

11.

Entender, obter información e utilizala, das fontes propias das ciencias sociais (mapas, pirámides de poboación, gráficas, liñas cronolóxicas,...).

12.

Utilizar a información obtida das fontes anteriores, relacionala e comunicala respectando as normas establecidas (escritas, orais).

13.

Elaborar traballos individualmente ou en grupo (flexible) utilizando as técnicas e vocabulario propio da materia á que pertencen as actividades.

14.

Cofecer os trazos xerais da diversidade xeográfica, histórica e lingüística mostrándose respectuoso e crítico coa mesma.

15.

Valorar a importancia da conservación e mellora do medio natural e artístico.

16.

Cofecer e entender a organización política a diferentes escalas, da local ás grandes institucións internacionais.

17.

Cofecer e comprender os principais problemas do mundo actual.

18.

Cofiecer, entender e valorar as diferentes institucións e principios democráticos existentes.

19.

Apreciar os dereitos e liberdades das persoas e pobos como unha importante conquista, e valorar dun xeito crítico aquelas situacións nas que non se respecten.

Criterios de cualificación

1.

A avaliación será continua, o que supón que se valorará positivamente o progreso do alumnado e que a materia que se teña suspendido en avaliacións anteriores se recuperará nas avaliacións seguintes. A cualificación global en cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas nas tres materias do ámbito sociolingüístico.

2.

Valoración dos traballos do alumnado

-

Xeografía / Historia. As probas e exames suporán un 90% da nota global da avaliación destas materias. Os traballos escritos e outros exercicios valoraranse co 10%. Os exames de Xeografía / Historia faranse aparte dos de Lingua e Literatura Galega e Castelá.

Lingua Castelá e Literatura e Lingua e Literatura Galega. As probas e exames incluírán contidos de lingua e literatura: unha parte do exame farase en galego e outra en castelán. Estas probas e exames de Lingua e Literatura Galega e Castelá suporán un 80% do total da nota global destas dúas materias na avaliación; engadirase o 15 % polas exposicións orais e a libreta -na que se recollerá o traballo de clase e da casa- e o restante 5% corresponderá ás actividades (cuestionarios, fichas, probas escritas, preguntas orais, traballos, etc.) en relación coa lectura do libro ou libros correspondentes a esa avaliación.

-

Valorarase o traballo continuado na aula e na casa, o traballo cooperativo, a participación e a presentación puntual das tarefas, así como a orde, limpeza e coidado dos materiais, a actitude, esforzo, interese e progreso no rendemento e a aprendizaxe. Descontaranse ata 1,5 puntos a quen

reiteradamente non traia as tarefas feitas (ata cinco veces por avaliación) ou non traia os materiais de traballo (ata tres veces) e penalizarase con puntuacións negativas a quen utilice palabras malsoantes ou se dirixa aos compañeiros ou profesoras de maneira incorrecta ou irrespectuosa.

-

Orientacións para a cualificación e realización dos exames:

Restaranse 0,1 puntos por cada erro ortográfico, de puntuación, expresión e presentación. Por cada catro erros en acentuación restaranse 0,1 puntos. En cada exame, exercicio ou traballo realizado polo/a alumno/a poderase restar ata un máximo de 1 punto da nota total.

A cualificación de cada pregunta figurará no exame.

As respostas deben seguir a orde das preguntas e redactarase correctamente.

Os enunciados das preguntas deberán copiarse encabezando as respostas se a profesora así o require.

Ademais destes criterios, terase en conta o cumprimento dunha serie de normas á hora de avaliar os escritos presentados polo alumnado (exames, exercicios, traballos, etc.):

PRESENTACIÓN DE TEXTOS. ASPECTOS FORMAIS

1. Os textos escritos deberán presentarse con letra lexible, limpos, ordenados, sen riscos nin roturas.

2. Só se escribirá con tinta de cor negra (permitirase tamén azul cando o texto estea escrito a man.

Non se admitirá ningún tipo de traballo escrito con lapis.

3. Os traballos presentarase en folios brancos. No seu inicio figurará o nome do alumno ou alumna, o curso, o título e a data. No caso de constar de varias follas, estas estarán numeradas e grampadas e levarán portada cando a súa extensión así o recomende. Ao final do traballo, haberá unha mención explícita das fontes (bibliografía, páxinas web...) empregadas para a súa realización.

4. As marxes serán razoablemente amplas, especialmente a superior e a esquerda.

5. Os textos distribuiranse en parágrafos ben delimitados cun espazo deseparación suficiente entre eles.

6. Os diferentes exercicios ou actividades separaranse con espazos edestacaranse cos seus correspondentes títulos (sen punto final) e numeración (con cifras).

7. Os títulos de obras deberán estar escritos en letra cursiva (ou subliñados cando o texto estea escrito a man). Os títulos de capítulos, poemas e textos deberán escribirse entre comiñas.

8. O formato do traballo, cando vaia escrito a ordenador, deberá axustarse ás seguintes características: letra formal (Arial, Times New Roman, Comic Sans ou similar) dun tamaño de 11 ou 12 puntos, salvo os títulos e os subtítulos, que poderán ser presentados nun formato algo maior e en negriña. Recoméndase que o texto vaia xustificado e cun interliñado de 1,5.

REDACCIÓN DOS TEXTOS

Ademais das normas anteriormente expostas, deberanse redactar os traballos conforme aos criterios de corrección do estándar lingüístico, reparando, especialmente, nos seguintes aspectos:

-

Escritura correcta das palabras no referente a separación, contraccións e ortografía.

-

Emprego adecuado dos signos de puntuación. Os signos de puntuación deben colocarse seguindo inmediatamente a palabra precedente e van separados da seguinte por un espazo. É imprescindible o punto final ao remate de cada resposta, parágrafo e texto.

Utilización correcta dos signos indicadores de diálogo e das modalidades do enunciado (guións, raias, signos de exclamación e de

-

Redacción clara e sinxela. Non serán válidas aquelas respostas que comecen por “Que...” ou que consten dun monosílabo (agás que se solicite expresamente na pregunta) nin as definicións que comecen por “É cando...”, “É onde...” ou fórmulas semellantes.

Selección do vocabulario propio da linguaxe formal, evitando o emprego innecesario de expresións coloquiais ou propias da lingua oral.

Procedementos de recuperación

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. 2017-2018.

Despois de cada proba, exame, traballos, control dos libros de lectura, probas de comunicación oral, presentación do caderno, etc. que sexan cualificadas con insuficiente, o alumno deberá recuperar a actividade correspondente ata conseguir unha cualificación positiva.

Valorarase a evolución de cada alumno/a de acordo coas súas capacidades, a súa actitude, esforzo e participación na aula. A aqueles que non acaden os mínimos faráselles unha recuperación con tarefas que, en xeral, serán medidas de reforzo baseadas en traballos prácticos adicionais que lles permitan aprender doutra maneira máis adaptada ás súas necesidades, tomando como referencia os obxectivos de ámbito e os contidos mínimos.

No mes de xuño faranse probas de recuperación de cada unha das materias que compoñen o ámbito para quen non acade unha avaliación positiva nalgunhas das recuperacións feitas ao longo do curso.

Actividades complementarias e extraescolares

-

Asistencia a representacións teatrais, aínda sen concretar.

-

Actividades no centro, aínda sen concretar

: conmemoracións con motivo de centenarios, efemérides de autores, Día do Libro, Día das Bibliotecas escolares, etc. con diferentes actividades do alumnado (exposicións, lecturas colectivas na aula e na biblioteca do centro, elaboración de carteis, murais, antoloxías, etc).

Posibles actuacións de contacontos.

Programaríanse en colaboración coa biblioteca, o equipo de Normalización Lingüística e outros departamentos.

-

Charlas-coloquio con autores de obras literaria Plan de lectura

- Actividades de lectura individual na biblioteca, na aula e na casa.

O alumnado escollerá libremente aquelas obras que desexe ler en galego e en castelán (mínimo unha por trimestre en cada lingua). Dedicaremos unha hora de lectura semanal na biblioteca onde os alumnos poden elixir entre unha gran variedade de títulos axeitados á súa idade e preferencias. Poderán completar as lecturas na casa e/ou na Hora de Ler establecida no Plan Lector do Centro.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA
GALEGA. 2017-2018.

-

Actividades de apoio ao currículo

-

Lectura na clase de textos en distintos soportes (extraídos de internet, da prensa diaria -impresa ou dixital-, de revistas especializadas, de enciclopedias, de libros de consulta, etc.) para traballar a comprensión lectora, con apoio do dicionario e a realización de esquemas e resumos.

-

Lectura colectiva en voz alta de textos históricos e fragmentos significativos de obras literarias que sirvan de complemento.

Lectura colectiva en voz alta de textos históricos e fragmentos significativos de obras literarias que sirvan de complemento para traballar aspectos do currículo do ámbito lingüístico e social.

-

Lectura das obras completas propostas no programa.

**A XEFA DO DEPARTAMENTO:
HELENA PRADA VILLARINO**